



## **NOVAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AO FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE NAS PEMES.**



A Xunta de Galicia publicou o pasado 30 de xuño as bases reguladoras para a solicitude das liñas en materia de igualdade que a continuación vos presentamos.

A inserción laboral é un paso esencial para acadar o principio efectivo de igualdade de trato e de oportunidade entre homes e mulleres, aspecto sobre o cal a Consellería de Traballo e Benestar apoia unha vez mais coa presente iniciativa.

As presentes subvencións contemplan tres tipos de liñas de actuación as cales describimos esquematicamente a continuación:

### LIÑA I: Axudas para a implantación de plans de igualdade

Dentro desta liña engópanse actividades destinadas a pequenas e medianas empresas como as seguintes:

- Realización de estudos, análises ou diagnoses da realidade da empresas desde a perspectiva de xénero para a elaboración dun plan de igualdade.

Porcentaxe subvencionable: 100%

Contía máxima: 5.000 – 6.000 euros

- Asistencia a cursos de formación en materia de igualdade.

Porcentaxe subvencionable: 100%

Contía máxima: 600 – 1.200 euros

- Contratación de persoal con experiencia na materia coa finalidade de asegurar a implantación e aplicación do plan de igualdade.

Contía máxima: 300 – 900 euros dependendo das características da empresa beneficiaria.

-Gastos derivados da contratación de empresa ou entidade externa especializada en materia de igualdade para o asesoramento na implantación e aplicación do plan de igualdade.

Porcentaxe subvencionable: 10% - 50%.

Contía máxima: 3.000 – 5.400 euros.

### LIÑA II: Axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

- Beneficiarios: Pemes galegas que conteñan un máximo do 20% de mulleres no seu cadro de persoal e sempre que teñan como características a de pertencer a un sector de actividade en que sexa habitual a infrarepresentación laboral feminina e que exista un compromiso cara a incrementar a porcentaxe de representación feminina.

- Porcentaxe subvencionable: 100%

- Contía máxima: 22.000 euros



LIÑA III: Axudas para os investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, gardaría, salas de lactación ,etc, e instalacións análogas para garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

- Beneficiarios Pemes galegas que poñan en marcha medidas de conciliación.
- Porcentaxe subvencionable: 100%
- Contía máxima: 20.000 – 40.000euros

O prazo para a presentación de solicitudes é dun mes contado desde o 30 de xuño. Para coñecer mellor as vosas posibilidades, recomendámosvos analizar detidamente esta subvención, da que os achegamos o seguinte link:

[http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf../\\$FILE/12300D010P040.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf../$FILE/12300D010P040.PDF)



### **PROGRAMA DE AXUDAS RE-SOLVE+, PARA FORTALECER A ESTRUCTURA FINANCEIRA DAS PEMES GALEGAS.**

O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, presentou o pasado 29 de xuño en Santiago o novo programa de garantías re-Solve+, que ten como obxectivo fundamental mobilizar 200 millóns de euros para financiar operacións de circulante, de refinanciamento de pasivos ou de ampliacións de capital destinadas a fortalecer a estrutura financeira das pemes galegas.

O conselleiro de Economía e Industria destacou que este programa substitúe e mellora sensiblemente ao re-Solve ao cubrir operacións de ata 500.000 euros, fronte ao límite anterior de 40.000 euros. A Xunta da un paso adiante nos compromisos asumidos a través do Plan re-Forza 2010 do Igape para facer fronte ás restricións de crédito. Guerra salientou que o novo programa inclúe como beneficiarios das operacións de financiamento, avaladas nun 100%, ás pemes. A nova liña entrará en vigor unha vez se asine o correspondente convenio coas SGR e cando se publiquen as bases reguladoras no Diario Oficial de Galicia.

A liña de actuación articularase mediante un convenio a subscribir en datas próximas coas sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades financeiras colaboradoras, e entrará en vigor no momento da publicación das correspondentes bases reguladoras no Diario Oficial de Galicia.

O programa re-Solve+ recolle o impulso da Mesa polo Diálogo Social e está destinado a substituír e mellorar tanto cuantitativa como cualitativamente o re-Solve, e a complementar mellor ao re-Brote no marco do plan de garantías impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape). O novo programa supera ao re-Solve, ampliando o abano dos potenciais beneficiarios, ás contías máximas dos préstamos amparados e as coberturas das garantías achegadas polas SGR con reaval do Igape.

Re-Solve+ incorpora tres liñas diferenciadas, ao sumar a de **circulante** habilitada no marco do re-Solve as novas liñas para apoiar o financiamento de “operacións de **refinanciamento de**



**pasivos** ou de **ampliacións de capital** destinadas a fortalecer a estrutura financeira das pemes, para garantir así a súa competitividade futura”, explicou.

O novo programa amplía ao 100% a cobertura das garantías achegadas polas SGR, sempre cun reaval do Igape polo 25% do risco asumido por estas entidades colaboradoras. No marco do re-Solve, as garantías achegadas cubrían o 90% do risco. Do mesmo xeito, o conselleiro destacou o incremento das contías máximas das operacións apoiadas polo re-Solve+, que poden ir de 3.000 ata 500.000 euros (entre 3.000 e 40.000 euros no marco do re-Solve). Outra das melloras incorporadas no re-Solve+ é a referida aos destinatarios; os beneficiarios agora poden ser os autónomos pero tamén as pemes en xeral, mentres que no re-Solve eran só microempresas e autónomos.

No marco da liña articulada mediante un novo convenio a asinar coas entidades financeiras e as SGR, a liña de apoio **para operacións de circulante** permitirá mobilizar préstamos comprendidos entre 3.000 e 150.000 euros, con prazo de amortización de tres anos. A liña **para refinanciamento de pasivos** acollerá operacións comprendidas entre os 6.000 e os 300.000 euros, con prazo de vixencia de 5 anos; neste caso, a cobertura do aval da SGR será do 50% e contará co reaval do Igape polo 25% do risco que asume. Polo que se refire á liña para **ampliacións de capital**, estará destinada a apoiar operacións de financiamento comprendidas entre 3.000 e 250.000 euros por socio e 500.000€ por empresa que amplía capital, e cun prazo mínimo de amortización de 7 anos.

Ademais de achegar garantías mediante os reavais en garantía do 25% do risco asumido polas SGR, na liña de circulante o Igape subvencionará as comisións dos avais formalizados para que non repercutan sobre os beneficiarios das operacións. No programa para apoiar ampliacións de capital, o Instituto que preside Javier Guerra tamén subvencionará as comisións do aval e, ademais, achegará unha subsidiación de xuro de, aproximadamente, 1,5 puntos porcentuais.

O re-Solve+ dá un paso adiante nos compromisos asumidos a través do Plan re-Forza 2010 do Igape para facer fronte ás restricións de crédito e facer posible que as pemes poidan acceder ao financiamento que precisan para o seu financiamento operativo e para consolidar as súas estruturas financeiras e mellorar os seus niveis de competitividade.

Fonte: <http://www.igape.es/>



## UNHA APOSTA CLARA POLO I+D+I

A Consellería de Economía e Industria publicou o pasado 12 de Xullo as bases reguladoras para a solicitude das subvencións para investimentos innovadores no ámbito de Galicia.

No artigo 1 da Lei 12/1993, do 6 de Agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Seguindo esta premisa, e retomando



a mesma lei no capítulo II, a creación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica é a ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo. Este Plan que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 21 de Setembro de 2006.

Baixo o amparo do PGIDIT, establecéronse tres tipos de programas: programas horizontais, xerais e sectoriais dentro dos cales inclúense diferentes tipos de actuacións. No presente mes publicáronse diferentes posibilidades de subvención sempre baixo o mesmo amparo. Analizaremos soamente aquela que ten como beneficiario á empresa privada xa que posúen especial relevancia na actualización tecnolóxica e potencialización do tecido empresarial galego.

**Programas sectoriais. Programa de innovación empresarial:**

*- IN848A Investimentos Innovadores*

Teñen por obxecto incentivar o desenvolvemento de actuacións que incidan na capacidade competitiva das empresas, e que incrementen a súa capacidade tecnolóxica e innovadora mediante a dotación de recursos materiais específicos para desenvolver os seus proxectos de innovación, así como a dotación específica de unidades de I+D. A presente subvención ira dirixida a:

1. Creación dun novo centro produtivo ou a aplicación do establecemento da empresa solicitante, coa finalidade de permitir o desenvolvemento de novos produtos e procesos.
2. Diversificación da produción dun establecemento para atender mercados de produtos novos e adicionais.
3. Unha transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción dun establecemento existente.

A creación e ampliación da capacidade tecnolóxica establecece dentro das empresas mediante estruturas de investigación e innovación de dimensión apropiada para a xeración de desenvolvemento tecnolóxico.

O custo subvencionable mínimo do proxecto será de 300.000 euros para as axudas que teñen por obxecto a realización de investimentos innovadores. Do custo subvencionable, a subvención poderá oscilar entre o 30% e o 60% e a contía da subvención non excederá o importe do 1.500.000 €

Son consideradas como beneficiarias as empresas de carácter privado con personalidade xurídica que estean validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que teñan o seu domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. O prazo de presentación finaliza o 13 de Agosto do 2010.

Para coñecer mellor as vosas posibilidades, recomendámosvos analizar detidamente esta subvención, da que os achegamos o seguinte link:

[http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/../\\$FILE/13100D008P035.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/../$FILE/13100D008P035.PDF)

---



## **SUBVENCIONS PARA ACTUACIONES DE DIFUSION RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACION.**

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, está a impulsar unha serie de medidas dinamizadoras da sociedade da información mediante a convocatoria de subvencións para impulsar a realización de actuacións de difusión e sensibilización, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

As actuacións subvencionables estrutúranse nas seguintes liñas de actuación:

Liña A): eventos de promoción e difusión da sociedade da información.

Proxectos encamiñados á organización e realización de eventos neste ámbito, tales como xornadas, sesións de demostración práctica do uso da internet, conferencias ou congresos de profesionais especializados, que teñan por obxecto a promoción e difusión de materias relacionadas coas infraestruturas e servizos de telecomunicacións e as tecnoloxías da información e a sociedade da información en xeral.

Liña B): actuacións de difusión dirixidas á cidadanía en xeral.

Actuacións orientadas a satisfacer as necesidades de difusión no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións (en diante TIC) da cidadanía en xeral.

Liña C): actuacións de difusión dirixidas ás pemes.

Actuacións orientadas a proporcionar a empresarios e traballadores coñecemento sobre o uso e manexo das novas tecnoloxías, que os capaciten para un mellor desempeño do seu posto de traballo actual ou futuro, de xeito que mellore a empregabilidade do traballador e a profesionalidade do empresario.

Liña D): investimentos necesarios para a promoción da sociedade da información nas entidades de interese social.

Equipamento necesario para a promoción da sociedade da información nas entidades de interese social, sen ánimo de lucro, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, dependente da Consellería de Traballo e Benestar.

Os beneficiarios son as entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao 30 de xuño de 2010, que é a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

**Máis información:** <http://www.xunta.es/dog/>

---



## **AXUDAS A EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL E PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO.**



A Orde do 14 de xuño de 2010 publicada o pasado 24 de xuño ven a regular as bases dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo para o ano 2010.

O obxecto desta axuda e promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social e apoiar a este tipo de empresas, mediante unha mellora da súa competitividade, así como promover o cooperativismo a través das seguintes liñas:

- 1.- Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.** Dirixido a cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios/as traballadores/as a persoas desempregadas estando inscritas como demandantes de emprego e pertencentes algún dos colectivos sinalados no punto 2 da base primeira do Anexo I.
- 2.- Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.** Dirixido a cooperativas con socios e socias traballadores/as ou de traballo e as sociedades laborais.
- 3.- Impulso de proxectos empresariais cooperativos e asistencia técnica.** Dirixido a cooperativas de nova creación ou as que acometan novos proxectos empresariais, así como ás persoas e entidades que presten os servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos.
- 4.- Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.** Dirixido a persoas demandantes de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego, que accedan á condición de socio/a dunha cooperativa de traballo asociado e as persoas asalariadas das sociedades cooperativas que accedan á condición de socio/a traballador.
- 5.- Actividades de promoción do cooperativismo.** Poderán beneficiarse deste programa sociedades cooperativas que fomenten o cooperativismo dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2010.

O prazo xeral rematará o día 24 de xullo de 2010.

Máis información na Orde do 14 de xuño de 2010 publicado no DOG nº119 do 24 de xuño de 2010 ou no enlace do [Servizo de Asesoramento a Emprendedores](#).

